


Editorial

Logo dunha longa e proveitosa etapa, ese prohome de ben, chairego exemplar e polifacético traballador da cultura e do espírito que é Xosé Manuel Carballo deixa de presidir a Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, abrindo paso a outras persoas tamén moi directamente vinculadas a este conxunto patrimonial desde hai varias décadas, e que agora teñen a responsabilidade de continuar no traballo de estreita colaboración co Museo, tanto nas súas diversas actividades como mesmo nalgunhas das súas funcións primordiais.



Hai que lembrar que aquela Asociación naceu, xa en 1989 -tan só tres anos despois da apertura do Museo ó público-, non tanto para cumprir funcións de mecenado no sentido clásico e tradicional nin tampouco, obviamente, como unha “empresa de servizos” para os seus socios, senón como unha entidade de apoio, cualitativo e “en especie” (aínda que tamén cuantitativo

e cuantificable ó longo de todos estes anos), sobre todo nos aspectos relativos ó coñecemento e á difusión e divulgación patrimonial en xeral e do Castro de Viladonga e o seu Museo en particular.

Con estes fins naceu en 1991 este Boletín CROA, que comezou a xeito dun caderniño ou “follas informativas” con só oito páxinas e centrado sobre todo precisamente no espallamento das actividades da Asociación e das noticias xeradas polo Museo deste sitio arqueolóxico.

No anterior número de CROA xa se falaba da evolución desta revista, coa reprodución das portadas dos 25 boletíns publicados, nos que se trataron temas moi diversos e con moi diferentes enfoques, ámbito e obxectivos, referidos, en primeiro lugar e como é lóxico, a todos os aspectos científicos e culturais do Museo e Castro de Viladonga, pero sen esquecer nunca o ámbito da Terra Chá, a provincia de Lugo e o conxunto de Galicia, pero mesmo tamén sobre temas e lugares dos lindeiros da galeguidade e aínda máis aló.

As materias presentes en CROA desde 1991 englóbanse, ben que non exclusivamente, en varias disciplinas: arqueoloxía, epigrafía e numismática, prehistoria e historia antiga, museoloxía e museografía así como patrimonio cultural e natural no seu conxunto, antropoloxía, etnoloxía e etnografía, historia xeral -da medieval á contemporánea-, historia da arte, arquitectura e urbanismo, lingua, lingüística e literatura, bibliografía, etc, sempre cun apartado especial dedicado ás actividades da Asociación de Amigos e do propio Museo.

De igual xeito, a nómina de colaboradores medrou continuamente, e se ben é certo que os hai que fan achegas de forma habitual, o que é moito de agradecer, fóronse e vanse engadindo outros autores que enriquecen notablemente o abano de opinións e, xaora, o cumprimento das funcións que CROA ten como órgano de expresión científica e de difusión cultural do conxunto patrimonial de Viladonga. Estas funcións son as que desde o ano 2006 asumiría a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, facéndose cargo da edición da revista e recollendo así o relevo que lle deixaba aquela Asociación de Amigos que a fundara e sostivera durante moitos anos.

Pero este relevo no soporte editorial non suporá, nin moito menos, que a dita Asociación deixe de colaborar en todos os aspectos da preparación e publicación de CROA, nin tampouco, por suposto, impedirá que se siga mantendo o intercambio bibliográfico con outras asociacións e entidades similares, intercambio este que foi e segue sendo fundamental na formación e crecemento da biblioteca auxiliar especializada do Museo, por certo, unhas das mellores no seu ámbito e nas disciplinas que antes se mencionaban ó citarmos os habituais contidos desta revista.

En definitiva, o feito de que CROA apareza como Boletín do Museo e editado pola Xunta de Galicia, e de que desde este número 26 non se mencione, como se viña facendo ata agora, a Xunta Directiva da Asociación de Amigos -que facía as veces de singular Consello de Redacción-, non supón unha separación de fins e de obxectivos entre ambas entidades, Museo e Asociación, senón sinxelamente unha nova articulación da forma de lograr, por un lado, un maior coñecemento do Castro de Viladonga e, por ende, de todo o noso extenso e rico patrimonio cultural, e por outro, conseguir espallalo e difundilo a todos os niveis e ámbitos sociais, tanto galegos coma foráneos.